

MODELO DE ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN
DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

**ACORDO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA
DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A Deputación Provincial da Coruña, por acordo plenario do ____ de _____ de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao abeiro do establecido nos artigos 203 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro.

SEGUNDO: O (*concello de _____ ou a entidade _____*) está interesado/a na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación Provincial da Coruña.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no art. 205 do referido texto refundido o (*Pleno da corporación municipal ou o órgano competente da entidade _____*)

ACORDA:

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos

CUARTO.- Facultar o/a (*alcalde/sa ou cargo do organismo ou entidade*) para que en nome e representación desta (*corporación/entidade*) formalice cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este concello/entidade de _____